

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 9 DE MARZO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Decreto polo que se dispón o cesamento e o nomeamento de cinco membros do Consello Escolar de Galicia.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Decreto polo que se establecen axudas sociais de carácter extraordinario, a favor de pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva, a favor de persoas perceptoras das pensións do Fondo de Asistencia Social e das persoas beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

- Proxectos de acordo polos que se declaran iniciativas empresariais prioritarias varios proxectos de parques eólicos.
- Acordo polo que se aproba o Protocolo de colaboración entre a Xunta de Galicia e Enagás - Pacto pola enerxía.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se fai balance do grao de cumprimento do Plan litoral de Galicia, aprobado no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea, NextGeneration.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se solicita á Comisión Mixta Tribunal Superior de Xustiza de Galicia- Xunta de Galicia, elevar ao Ministerio de Xustiza a proposta de creación dun xulgado de violencia sobre a muller de carácter comarcal e con competencia exclusiva e excluín-te no partido xudicial de Santiago de Compostela e a súa posterior extensión, no prazo máximo de dous anos, ao resto das grandes cidades galegas.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado "Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede Autónoma de Estradas de Galicia nas rutas de acceso polo norte á cidade de Lugo", actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de trazado "Mellora de accesibilidade e conectividade das paradas de autobús situadas na Rede autónoma de Estradas de Galicia nas rutas de acceso polo oeste á cidade da Coruña", actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de trazado "Eixo de mobilidade sustentable en Ourense. Treito: Os Remedios - Expourense (senda río Barbaña)", actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.
- Acordo polo que se aproba definitivamente o proxecto de trazado "Aparcamentos disuasorios para o fomento do vehículo compartido asociados á implantación de zonas de baixas emisións nas cidades galegas. Comarca Ferrolterra", actuación financiada polo Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega das Industrias Culturais a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como a eximir da obriga de constituír garantías na Resolución pola que aproban as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, a producións e coproducións audiovisuais de contido cultural galego, e se convocan para o ano 2023 por un importe total de dous millóns cincocentos mil euros (2.500.000,00€).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Universidade do Estado do Río de Janeiro (Brasil) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00€), así como a superación dos límites do artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade de São Paulo (Brasil) para a docencia, a investigación e mais a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas, por un importe total de doce mil euros (12.000,00€), así como a superación dos límites do artigo 62.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se aproba a Estratexia Responsabilidade social empresarial da Xunta de Galicia 2023/2025.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre o Servizo Galego de Saúde, a Axencia Galega de Doazón de Sangue, Órganos e Tecidos e a Fundación Josep Carreras para a loita contra a leucemia, por importe de setecentos corenta e catro mil euros (de 744.000€)

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre o desenvolvemento do Plan Corresponsables a través de actividades de animación sociodeportiva no ano 2022.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre o balance das bonificacións no transporte público autonómico desde a implantación, no mes de setembro, do desconto adicional do 50% no prezo do billete.
- Informe sobre as perspectivas de Galicia en relación coa constitución do Comisionado do Goberno para o Corredor Atlántico, no marco da alianza das comunidades do Noroeste.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Informe sobre as medidas incentivadoras e de fomento do sector audiovisual galego.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO ESCOLAR DE GALICIA RENOVA OS SEUS MEMBROS

O Consello da Xunta dá luz verde ao cesamento, por petición das organizacións ás que representan, de cinco dos seus membros e á súa substitución

A reunión semanal do Goberno galego deu hoxe luz verde á renovación de cinco membros do Consello Escolar de Galicia. O cambio prodúcese despois de que tanto a Confederación de Empresarios de Galicia como a Confederación Galega de Anpas e a propia Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades propuxese a substitución dos membros que os representan.

En concreto, cesan por proposta da Confederación de Empresarios de Galicia José Álvarez Carpintero e Marta Amate López, que serán substituídos por José Manuel Rodríguez Lago e Ana Belén Vázquez Eibes. No caso da Confederación Galega de Anpas cesa María Eugenia Díaz-Velarde, que será substituída por Luis Alfonso Trigo Fernández.

Finalmente en representación da Administración educativa, tras os últimos nomeamentos, incorpóranse as novas directoras xerais de Ordenación e Innovación Educativa e de Formación Profesional.

O Consello Escolar de Galicia creouse en 1986 como foro de reflexión, expresión e achega de ideas dos representantes de todos os sectores sociais na política educativa de Galicia. Este órgano colexiado traballa para estimular, impulsar, canalizar e modernizar as fórmulas de participación da sociedade na educación na procura dunha mellor e maior calidade do ensino en Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA SALIENTA O INCREMENTO NUN 6 % DAS CONTÍAS DAS PENSIÓNS NON CONTRIBUTIVAS PARA 37.000 GALEGOS E O ADIANTO DO SEU PAGAMENTO EN SEIS MESES

- Apróbase un complemento para os beneficiarios de pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva, para as persoas anciáns e enfermas con incapacidade e para aquelas con discapacidade que perciben o subsidio de garantía de ingresos mínimos
- Trátase dun pagamento único anual de 218 euros que se aboará nos primeiros días do mes de abril para axudar a paliar os efectos da suba de prezos

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, salientou hoxe a aprobación no Consello da Xunta do incremento nun 6 % do complemento autonómico para ao redor de 37.000 persoas que perciben unha pensión non contributiva na nosa Comunidade.

Deste xeito, adiantou que o Goberno galego achegará 218 euros nun pagamento único e adiantará o seu ingreso seis meses, para facelo xa no mes de abril. "Galicia foi pioneira neste complemento", lembrou o mandatario galego, quen puxo en valor que a Xunta non só a manteña na actualidade, senón que incrementa a súa contía fronte a outras comunidades que non dispoñen deste complemento.

Rueda salientou que a Administración autonómica destina máis de 8 millóns de euros neste complemento para aumentar a súa contía e puxo en valor que se procura así axeitalao ao coste da vida e á suba xeral dos prezos. Tamén destacou o feito de que ingreso desta axuda realizárase de oficio a todos os beneficiarios que cumpran cos requisitos, "sen necesidade de solicitala nin levar a cabo ningún trámite".

O complemento está dirixido a pensionistas de xubilación e invalidez nas súas modalidades non contributivas, persoas anciáns e enfermas con incapacidade para o traballo beneficiarias de axudas periódicas e persoas con discapacidade que reciben o subsidio de garantía de ingresos mínimos.

Ininterrompida

Rueda incidiu en que Galicia é unha das poucas comunidades que concede de xeito ininterrompido durante os últimos anos esta axuda extraordinaria que non é obrigatoria, pois son os propios Executivos autonómicos as que deciden mantela.

Neste senso, a Xunta incrementou este ano o orzamento dirixido á inclusión social nun 25 %. Deste xeito, o presidente do Goberno galego remarcou que, ademais de aumentar

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

o complemento autonómico das pensións non contributivas, a Xunta tamén subiu as contías da Risga, o das axudas de inclusión social (AIS) e o do bono social térmico.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA AVANZA QUE A XUNTA DECLARA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA 13 PROXECTOS EÓLICOS QUE TEÑEN COMO OBXECTIVO GARANTIR A SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA A LONGO PRAZO A ALCOA E O GRUPO CORTIZO

- Trátase de 11 iniciativas promovidas por Greenalia Wind Power, unha de Iberdrola Renovables Galicia e outra de Enel Green Power España que suporán 356MW e un investimento de 380M€
- Lembra que entre as principais vantaxes desta declaración está “reducir á metade” os prazos dos trámites para levar a cabo o proxecto
- O 50% da produción enerxética xerada polos parques irá destinada a un prezo competitivo aos puntos de subministración e centros de traballo que o Grupo Cortizo ten en Galicia (Padrón, Coirós, Lugo e San Cibrao das Viñas) e á planta de Alcoa en San Cibrao

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello declarou hoxe iniciativa empresarial prioritaria un total de 13 parques eólicos distribuídos en tres provincias galegas promovidos por Greenalia Wind Power (11 proxectos), Iberdrola e Enel Green Power. “Van subministrar enerxía a longo prazo a Alcoa e ao Grupo Cortizo”, indicou.

Rueda explicou que esta medida enmárcase na Lei de simplificación administrativa de Galicia que contempla a declaración de iniciativas empresariais prioritarias, pensada para “proxectos empresariais que están chamados a ter un papel decisivo na economía galega”, pero tamén para algúns parques eólicos vencellados ao tecido empresarial.

Desde a Administración galega realizouse unha modificación legislativa na Lei 5/2017 para engadir un novo requisito á hora de declarar como iniciativas empresarias prioritarias “proxectos con infraestruturas de evacuación en tramitación ou xa autorizadas cuxos promotores subscriban un acordo directo de compravenda de enerxía a longo prazo e a prezo competitivo cunha empresa con centro de traballo con actividade industrial no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, vinculado aos devanditos proxectos e ao centro de traballo determinado de que se trate, e garantindo polo menos o 50 % da súa produción de enerxía.”

Tanto no caso das industrias como nos parques eólicos, “a principal vantaxe” de ser declarados iniciativa empresarial prioritaria “é poder reducir á metade os prazos para tramitar os proxectos”, indicou Rueda.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os trece parques que hoxe acadan esta declaración supoñen un investimento total de 380M€ e unha potencia de 356MW. Por unha banda, están os parques de Greenalia Wind Power: Monte do Cordal (Friol), Acevedal (A Pastoriza), Carballal (A Pastoriza), Restelo (A Fonsagrada, Baleira, Becerreá e Navia de Suarna), Monteiro (Baleira, Becerreá e Baralla) e As Louseiras (A Pastoriza e Meira), na provincia de Lugo; Felga (Oza-Cesuras e Aranga), Gato (Coirós, Oza-Cesuras e Aranga), Penas Boas (Oza-Cesuras e Aranga) e Coto Muíño (Vimianzo e Zas), na Coruña; e Lamas II (Calvos de Randín, Baltar e Os Blancos), en Ourense. Así como Serra do Colmo (en Becerreá e Baralla) promovido na provincia de Lugo por Enel Green Power. Todos estes parques teñen un acordo de compravenda de enerxía a longo prazo con Alcoa.

Por outra banda, o parque eólico Fial das Corzas (nos municipios de Laza e Vilar de Barrio, na provincia de Ourense) ten asinado un contrato de subministración de enerxía a longo prazo co Grupo Cortizo. Trátase dun proxecto promovido por Iberdrola de 49,5MW e que suporá un investimento de 37,82 millóns de euros por parte da compañía.

No caso destes parques procede a declaración por cumprir cos requisitos que fixa a normativa galega, pois Iberdrola e o Grupo Cortizo firmaron un acordo de compravenda de enerxía a longo prazo (PPA) por 10 anos a través do que o 50,35% da enerxía xerada no parque irá destinada a un prezo competitivo aos puntos de subministración e centros de traballo que Cortizo ten en Galicia. En concreto, en Padrón, Coirós, Lugo e San Cibrao das Viñas. Mentres que os restantes parques – de Greenalia e Enel Green Power- teñen asinado un acordo coa planta de Alcoa en San Cibrao.

No obxectivo de favorecer que as empresas poidan acceder a un prezo enerxético competitivo, o Goberno galego está promovendo a vinculación da tramitación de proxectos de enerxía renovable coa firma de contratos de subministración enerxética. Así, xunto coa figura da Iniciativa Empresarial Prioritaria, tamén se impulsou outro instrumento: a declaración da excepcionalidade doutros 13 parques eólicos de tramitación estatal pola súa entidade económica e social e a función vertebradora na economía galega. Proxectos vencellados a Alcoa, Resonac -antiga Showa Denko- e Sentury dos que, polo momento, o Goberno emitiu DIA favorable para sete -cinco vinculados a Alcoa, promovidos por Enel e que se suman aos oito aprobados pola Xunta; e dous de Resonac no marco da PPA que ten asinada con Greenalia-.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A SINATURA DO PROTOCOLO DE COLABORACIÓN CON ENAGÁS PARA DESENVOLVER O PACTO POLA ENERXÍA EN GALICIA

- O Consello da Xunta dá luz verde a este acordo co que Enagás se sumará como empresa tractora á Alianza Industrial Galega do Hidróxeno Verde
- Enagás comprométese a desenvolver as actuacións necesarias para impulsar as infraestruturas de transporte que permitan o despregamento do hidróxeno e os gases renovables, en particular a conexión do hidroduto Guitiriz (Lugo) – Zamora durante a primeira fase da rede que unirá a Península Ibérica co resto de Europa

O Consello da Xunta deu luz verde na súa reunión desta mañá á sinatura dun protocolo de colaboración con Enagás -líder en España na xestión e operación de infraestruturas de transporte de gas- para desenvolver o Pacto pola enerxía en Galicia, logo da reunión que o presidente da Xunta, Alfonso Rueda, mantivo o pasado sábado co conselleiro delegado de Enagás, Arturo Gonzalo.

Deste xeito, as dúas partes suman as súas capacidades para contribuír ao desenvolvemento dos gases renovables en Galicia e da economía verde. Tal e como se avanzou tras o encontro, Enagás comprométese na primeira fase a realizar todas as actuacións necesarias para impulsar e desenvolver as infraestruturas de transporte que permitan o despregamento e fluxo bidireccional do hidróxeno verde e os gases renovables en Galicia.

En particular, Enagás actuará como promotor do hidroduto Guitiriz (Lugo) – Zamora e desenvolverá a construción da infraestrutura de transporte. Deste xeito, Galicia quedará conectada desde o primeiro momento á rede que se proxecta para unir a Península Ibérica co resto de Europa.

Para isto, a empresa comprométese a participar en todos os procesos de planificación enerxética nacionais e internacionais co fin de conseguir a súa construción: o obxectivo é obter o recoñecemento como iniciativa clave da infraestrutura enerxética da UE como proxecto de interese común (PCI) e poder así poñelo en operación en 2030. Polo tanto, este acordo supón dar un paso decisivo para contar cunha peza fundamental para a competitividade da industria galega, permitindo conectar Galicia co resto de España e Europa.

Por outra banda, Enagás comprométese a incorporarse como empresa tractora na Alianza Industrial Galega do Hidróxeno Verde, achegando o seu coñecemento e

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

experiencia, soporte técnico, así como accións de promoción. Actualmente, esta alianza conta coa participación de nove empresas tractoras e oito asociacións e agrupacións industriais que representan máis de 700 empresas, centros tecnolóxicos e universidades, administracións públicas e axentes sociais. O obxectivo é aproveitar os recursos e todo o coñecemento e capacidade que hai en Galicia para identificar oportunidades e poñer en marcha ferramentas de axilización administrativa, formación especializada ou investigación.

Cómpre lembrar que o Pacto pola Enerxía que Xunta de Galicia e Enagás teñen programado nace do acordo alcanzado a semana pasada por esta mesma empresa con Reganosa e que permitirá impulsar a integración eficiente e sustentable das infraestruturas de gases renovables no noroeste peninsular.

Proxectos de innovación e novos investimentos

Finalmente, o protocolo, que estará vixente ata o 31 de decembro de 2030 con posibilidade de prórroga, establece o compromiso de Enagás de sentar as liñas básicas para analizar proxectos de innovación no eido dos gases renovables e a descarbonización, así como calquera novo investimento para a integración e impulso das infraestruturas para a penetración e tránsito na Comunidade.

O acordo recolle a posición xeoestratéxica de Galicia e o seu potencial para o desenvolvemento de gases renovables, factores aos que se suma a gran dispoñibilidade de recurso hídrico, o amplo ecosistema de innovación e investigación, o seu tecido empresarial diverso, así como a alta produción de enerxía renovable.

Galicia está desenvolvendo, ademais, proxectos concretos en toda a cadea de valor do hidróxeno renovable, así como iniciativas de economía circular para a xeración de biometano. Esta colaboración permitirá á Comunidade contar cun novo aliado na transición enerxética.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTACA O AVANCE NA EXECUCIÓN DO PLAN LITORAL DE GALICIA CON 29,3M€ PARA LEVAR A CABO ACTUACIÓNS NOS 71 CONCELLOS DA COSTA GALEGA

- O Plan Litoral de Galicia inclúe 3 Accións de Cohesión en Destinos, que contan con 11,3 millóns de euros, e 10 Plans de Sustentabilidade Turística en Destino impulsados por entidades locais, mancomunidades e Deputacións, con 18 millóns de euros
- Este Plan ten como obxectivo prioritario mellorar o potencial turístico do litoral galego actuando sobre recursos naturais, culturais e patrimoniais e sobre infraestruturas e equipamentos
- Nas actuacións a levar a cabo priman a sustentabilidade, a dixitalización, a eficiencia enerxética e o impulso a alternativas de mobilidade sustentable

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se fai balance do grao de cumprimento do Plan Litoral de Galicia, aprobado no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE, NextGeneration, grazas ao cal os 71 concellos da costa galega. Nestes momentos xa están mobilizados 24M€ dos 29,3M€ cos que conta este Plan.

O Plan conta con 3 Accións de Cohesión en Destinos (ACD), promovidas pola Xunta de Galicia por importe de 11,3 millóns de euros, e 10 Plans de Sustentabilidade Turística en Destino impulsados por entidades locais, mancomunidades e Deputacións por importe de 18 millóns de euros

Este Plan ten coma obxectivo prioritario o de mellorar e potenciar o litoral galego actuando sobre recursos naturais, culturais e patrimoniais e sobre infraestruturas e equipamentos, apostando pola súa rehabilitación e destacando o seu valor como reclamo turístico. Nas actuacións a levar a cabo priman a sustentabilidade, a dixitalización, a eficiencia enerxética e o impulso a alternativas de mobilidade sustentable

Accións de cohesión en destino

Dentro do Plan Territorial do Litoral de Galicia están aprobadas 3 ACDs: a rehabilitación de recursos emblemáticos do litoral galego, a senda litoral de Galicia e a revalorización de portos e actividades náutico deportivas. Lévanse mobilizado 6,5M€ dos 11,3M€ cos que conta este eixe de accións, o que se traduce en case o 60% do orzamento global.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estes primeiros 6,5M€ están destinados a dúas convocatorias de axuda, unha dirixida a concellos, cun importe de 4.475.000 euros, e outra dirixida a establecementos turísticos, cun importe de 2.075.000 euros, da que poderán ser beneficiarios persoas físicas e xurídicas titulares de establecementos turísticos de aloxamento e de restauración situados en municipios costeiros, para actuacións de embelecemento e posta en valor dos recursos e establecementos turísticos situados no litoral galego.

Plan de Sustentabilidade Turística en Destino

Dentro do Plan do Litoral aprobáronse un total de 10 PSTDs por importe de 18M€ que están a executar diferentes entidades locais galegas. Xa están transferidos o 100% dos fondos destinados á execución dos Plan grazas á axilización por parte do goberno autonómico da transferencia de fondos ás diferentes administracións locais implicadas.

Os PSTD que se porán en marcha son: Sanxenxo 365 días, PSTD Xeoparque Cabo Ortegal, PSTD Fragas do Eume, PSTD Marín, Condado de Paradanta-unha terra entre ríos, Descubre Baiona, Ribeira Destino Litoral Sostible, PSTD Cidade de Pontevedra, Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Novos modelos para a sostibilidade e a competitividade turística na ría de Muros-Noia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROPÓN CREAR UN XULGADO DE VIOLENCIA SOBRE A MULLER EN SANTIAGO DE COMPOSTELA DE CARÁCTER COMARCAL

- O Consello da Xunta acordou solicitar ao Ministerio da Xustiza na próxima Comisión Mixta entre o Goberno galego e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia a creación deste órgano xudicial e a posterior extensión, no prazo máximo de dous anos, ao resto das grandes cidades galegas
- O novo xulgado proposto no partido xudicial de Santiago de Compostela abarcaría tamén os de Padrón, Ribeira e Negreira
- Os xulgados de violencia sobre a muller, que na comunidade funcionan actualmente na Coruña e Vigo, son exclusivos e excluíntes porque só abordan delitos relacionados con este ámbito
- A Xunta reforza así a atención ás mulleres no eido da xustiza cun servizo máis áxil e especializada

O Consello da Xunta acordou hoxe propoñer que na próxima reunión da Comisión Mixta de Xustiza entre o Goberno galego e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) se solicite ao Ministerio de Xustiza a posta en marcha dun xulgado de violencia sobre a muller exclusivo e excluínte de carácter comarcal no partido xudicial de Santiago de Compostela, que se sume aos que xa están en funcionamento nas cidades da Coruña e Vigo.

Esta solicitude ao Goberno central inclúe a posterior extensión, no prazo máximo de dous anos, deste tipo de xulgados ao resto das grandes cidades galegas nas que non están implantados, isto é, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra.

Na próxima reunión da Comisión Mixta de Xustiza na que se debaterá a relación de órganos xudiciais de nova creación para este 2023, a Xunta solicitará priorizar a creación dun xulgado de violencia sobre a muller na cidade compostelá que será de carácter comarcal. Deste xeito, ademais do partido xudicial de Santiago, proporase que dea cobertura tamén aos de Ribeira, Padrón e Negreira.

Cómpre aclarar que os xulgados de violencia sobre a muller son exclusivos e, polo tanto, son os únicos do partido xudicial que abordan os delitos relacionados coa violencia contra as mulleres pero tamén poden tratar outro tipo de delitos. Nos que están a funcionar na Coruña e Vigo e que a Xunta propón solicitar agora en Santiago de Compostela, ademais de exclusivos son excluíntes, é dicir, só se encargan dos asuntos en materia de violencia de xénero.

Con esta petición, a Xunta pretende reforzar a protección das mulleres no ámbito da xustiza, xa que desta forma as vítimas están asesoradas e acompañadas en todo o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

proceso polo persoal dos equipos psicosociais das oficinas de atención á vítima (OAV). Por exemplo, no que se refire ao xulgado exclusivo que se vai solicitar ao Ministerio de Xustiza a través da Comisión Mixta de Xustiza para Santiago de Compostela encargaríanse da atención ás vítimas os profesionais da OAV da cidade, onde se concentrará toda a tramitación evitando a peregrinación das vítimas polos xulgados.

Minimizase así a súa vitimización cunha resposta xudicial de calidade e ademais, ao tratarse dun servizo comarcalizado na mesma cidade, podería interpoñerse a denuncia a calquera hora e acudir á sede xudicial posteriormente.

Entre outros beneficios da creación deste novo xulgado na capital galega destacan a prestación dunha atención máis especializada, áxil e uniforme ás vítimas ou un mellor acceso aos recursos asistenciais ao realizar as forzas e corpos de seguridade e os órganos xudiciais e fiscais unha derivación directa ás OAV.

A Xunta continúa a priorizar a creación dos novos xulgados que cada ano se solicitan a través da Comisión Mixta co TSXG ao Ministerio de Xustiza e que este despois decide cales asignar. Galicia, cada 31 de decembro, cumpre coa posta en marcha dos novos xulgados asignados polo Goberno central, como ocorreu este ano cos de Primeira Instancia número 15 da Coruña, 16 de Vigo e 6 de Lugo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA APROBA OS PROXECTOS PARA MELLORAR DE 106 PARADAS DE AUTOBÚS EN ESTRADAS AUTONÓMICAS DE ACCESO Á CORUÑA E A LUGO CUN INVESTIMENTO DE 3,14 M€

- As actuacións enmárcanse no Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M€ para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia
- No acceso á cidade Coruña polo oeste, o proxecto abrangue actuacións en 55 paradas en 7 concellos, cun investimento de máis de 1,27 M€
- No acceso a Lugo polo norte melloraranse 51 paradas situadas en 15 estradas autonómicas ao paso por 10 concellos, mobilizando un investimento de 1,87 M€
- As actuacións inclúen a mellora da contorna, coa execución de sendas ou beirarrúas, a instalación de novas marquesiñas ou a colocación de varandas
- A Xunta prevé convocar o levantamento de actas previas do procedemento expropiatorio no segundo trimestre de 2023 e licitar as obras a finais deste mes

O Consello da Xunta aprobou hoxe os proxectos de mellora da accesibilidade e conectividade de 106 paradas de autobús situadas nas estradas autonómicas ao paso das rutas de acceso polo oeste á cidade da Coruña e polo norte á cidade de Lugo, que suporán un investimento global de 3,14 M€.

O Goberno galego deu conta tamén hoxe da aprobación dos trámites de información pública e do informe das administracións afectadas para os citados proxectos.

Os proxectos construtivos foron entregados para a súa supervisión, polo que a previsión a Xunta é convocar o levantamento de actas previas do procedemento expropiatorio no segundo trimestre de 2023 e licitar as obras a finais deste mes de marzo.

Estas intervencións enmárcanse no Plan de mellora da seguridade e accesibilidade das paradas de autobús nas estradas autonómicas, co que a Xunta ten previsto investir arredor de 35 M€ para a mellora de 1.100 paradas en toda Galicia.

No que se refire ao proxecto relativo á zona oeste de acceso á cidade Coruña, este abrangue actuacións en 55 paradas situadas en 6 estradas ao paso por 7 concellos das comarcas da Coruña e de Bergantiños, cun investimento de máis de 1,27 M€.

As paradas que se van mellorar están situadas nas estradas AC-400, AC-413, AC-414, AC-418, AC-424 e AC-552. Concretamente, no concello de Arteixo, melloraranse 26 paradas; na Coruña 3; en Culleredo 12; en Carballo 9; en Cerceda 2; en Malpica 1 e en Ponteceso 2.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS


Como resultado do procedemento de información pública, incorpóranse dúas novas paradas propostas polo Concello de Arteixo, ambas as dúas situadas en dominio público viario na AC-552.

Tamén se retiran do proxecto varias paradas en que o Concello de Arteixo xa ten previsto actuar con plans e programas municipais en marcha; e realízanse axustes nos deseños das paradas, por petición do Concello de Arteixo e do Concello da Coruña.

As intervencións previstas consistirán no acondicionamento dos carrís para a parada do autobús, a mellora da accesibilidade e a pavimentación da contorna coa execución de sendas ou beirarrúas.

Tamén se prevé a instalación de novas marquesiñas ou a colocación de varandas para protexer aos usuarios onde haxa desniveis.

Plano coa situación das paradas nas rutas de acceso polo oeste á Coruña:



Zona norte de acceso a Lugo

En relación á zona norte de acceso a Lugo, o proxecto abrangue a mellora de 51 paradas de autobús situadas en 15 estradas autonómicas ao paso por 10 concellos, mobilizando un investimento de 1,87 M€.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO PARA DESENVOLVER O EIXE DE MOBILIDADE SUSTENTABLE NO TREITO ENTRE O PAVILLÓN DOS REMEDIOS E EXPOURENSE, CUN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 3,8 M€

- Autorízanse as expropiacións para executar o itinerario de 3,5 km que abrangue o tránsito polo paseo do río Barbaña, acondicionando e dándolle continuidade no treito no que se interrompe, entre a praza de Abastos e A Molinera
- O aprobado hoxe é un dos 3 proxectos que conectará Ourense con 5,1 km de sendas, comezando na intermodal, percorrendo a avenida das Caldas, a Ponte Romana, paseo do Barbaña, o CHUO, Expourense e o Pazo dos Deportes, cun investimento de 7,23 M€
- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará as obras a finais deste mes co obxectivo de comezar os traballos no outono
- O Goberno galego avanza neste eixe de mobilidade sostible que conformará unha rede conectada de 16 km: da intermodal á Ponte Vella, ás Burgas, ao CHUO, Expourense e Seixalbo; de Outariz a Oira; e de Barbadás a Ourense

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de trazado para desenvolver o eixe de mobilidade sustentable entre Os Remedios e Expourense, ao longo do río Barbaña, no concello de Ourense, cun investimento de 3,8 millóns de euros.

Este orzamento autonómico inclúe o pagamento dos 19 predios necesarios para a execución deste treito que, partindo da estación intermodal, aproveitará o espazo que ofrece o percorrido do río Barbaña, prolongándose nos seus extremos para conseguir unir os puntos para peóns e ciclistas.

A aprobación definitiva deste proxecto leva aparellada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos predios necesarios para executar a senda do Barbaña, que ten como obxectivo fomentar a mobilidade sostible para os veciños de Ourense e ofrecer aos visitantes un itinerario accesible e seguro a algúns dos principais puntos de atracción turística ou servizos de interese para a cidade.

Este novo itinerario terá 3,5 quilómetros de lonxitude e abrangue o tránsito polo paseo na marxe do río Barbaña, acondicionando e mellorando a sinalización onde sexa necesario e dándolle continuidade no treito no que este se interrompe, é dicir, entre a praza de Abastos e A Molinera.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De xeito xeral, neste treito optimizaranse os pavimentos para a circulación peonil e ciclista, melloraranse os cruces para dar preferencia aos peóns e ciclistas, reforzarase a accesibilidade e conexións coa contorna, e mellorarase a sinalización das zonas de estacionamento de vehículos.

Este é un dos tres proxectos da Xunta para impulsar un eixe de mobilidade sostible que irá desde a intermodal ata Expourense -pola avenida das Caldas, a Ponte Romana, o paseo do Barbaña, o CHUO, Expourense e o Pazo dos Deportes Paco Paz- e que conectará a cidade a través de 5,1 km de itinerarios, cun investimento da Xunta de 7,23 M€.

Senda do Barbaña

En concreto, dentro do proxecto aprobado hoxe polo Executivo autonómico, recóllense varias actuacións de relevancia ao longo do río Barbaña, mellorando os itinerarios de mobilidade actuais.

Facendo un percorrido de norte a sur, prevese a solución para a beirarrúa precintada na marxe dereita do estribo da Ponte Romana de Ourense, onde se executará unha nova estrutura metálica para o paso peonil independente.

Tamén se conseguirá unha mellor conexión entre a Ponte Romana e a senda do Barbaña, cun novo paso para peóns e bicicletas na avenida Pardo de Cela.

Ao longo do percorrido, mellorarase o acceso ás Burgas, conectaranse de modo directo os paseos do Barbaña e do Barbañica. E, finalmente, actuarase no acceso á zona do pavillón Paco Paz e a Expourense.

Tras a análise das achegas recibidas, o departamento de Infraestruturas da Xunta, reaxusta o trazado do paso proxectado no inicio da avenida Pardo de Cela, incluíndo na zona de circulación un paso elevado cun pavimento de pedra axeitado, e cunha solución de drenaxe e iluminación do paso.

No proxecto que se vai executar tamén se inclúe a comunicación dos paseos de ambas as marxes do río a través da rúa Portocarreiro, mediante un paso elevado.

Ademais, a intervención prevé a modificación do trazado da conexión do paseo do Barbaña coa praza das Burgas, substituíndo o trazado previsto no proxecto, que discorría paralelo á ponte da rúa Irmáns Xesta, pola conexión a través da rúa Canella do Rastro. Deste xeito, compatibilizarase a circulación de vehículos e o acceso aos garaxes existentes, co novo itinerario peonil e ciclista de conexión desde a senda do Barbaña, prolongando a conexión baixo a rúa Progreso ata a praza das Burgas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade licitará as obras a finais deste mes de marzo, e convocará o levantamento de actas previas das expropiacións no segundo trimestre deste ano, co obxectivo de comezar os traballos no outono. A actuación ten un prazo de execución de 14 meses.

A Xunta continúa traballando na materialización e desenvolvemento deste eixe de mobilidade sostible que conectará Ourense a través de 5,1 km de itinerarios, que multiplicarán a súa funcionalidade, conformando unha rede conectada de 16 quilómetros, da intermodal á Ponte Vella, ás Burgas, o CHUO, Expourense e Seixalbo; de Outariz a Oira; e de Barbadás a Ourense.

Esta intervención enmárcase nos proxectos impulsados polo Goberno galego ao abeiro dos fondos Next Generation, co fin de fomentar a mobilidade sustentable nas cidades galegas.

Plano de planta da actuación:

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE EXECUCIÓN DUN APARCADOIRO DISUASORIO EN SAN XOÁN, NO CONCELLO DE FERROL, QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO DE MÁIS DE 780.000 €

- Construirase un estacionamento nun espazo estratéxico para a entrada e saída de Ferrol, xunto á glorieta que une o comezo do núcleo urbano da cidade coa FE-13, nunha parcela entre esta estrada nacional, a rúa Souto e a liña de ferrocarril
- Habilitaranse 89 prazas, 3 delas para mobilidade reducida, e estará dotado dun viario de dobre sentido para a entrada e saída a través da glorieta da rúa Souto
- A intervención incluírá o reforzo da seguridade dos peóns, cun acceso exclusivo que conectará coa avenida Mestre García Niebla, ademais de beirarrúas
- A Xunta licitará as obras a finais deste mes, co obxectivo de comezalas este ano
- Ante o informe presentado polo Concello de San Sadurniño, que se insta á non execución dun segundo aparcadoiro na contorna da AG-64, desítese da tramitación dese novo estacionamento
- O Goberno galego continúa impulsando os proxectos promovidos ao abeiro dos fondos Next Generation para fomentar a mobilidade sustentable nas contornas das cidades e vilas galegas, aos que se destinará este ano un investimento de 29,3 M€

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto para a execución dun aparcadoiro disuasorio en San Xoán, no concello de Ferrol, que suporá un investimento de máis de 780.000 euros.

O Goberno galego dálle así o seu visto e praxe á implantación dun aparcadoiro disuasorio no concello de Ferrol, nun espazo estratéxico para a entrada e saída da cidade, xunto á glorieta que comunica o comezo do núcleo urbano de Ferrol coa FE-13, nunha parcela entre esa estrada nacional, a rúa Souto e a liña de ferrocarril.

Coa aprobación definitiva do proxecto desta actuación autorízase, tamén, a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos tres predios necesarios para levar a cabo a intervención.

O aparcadoiro executarase nun espazo adxacente á estrada estatal FE-13, nunha parcela ocupada actualmente por vexetación, na zona próxima ao local da Asociación de Veciños de San Xoán-Bertón, ofrecendo un espazo de estacionamento que reduza a circulación de coches polas rúas e ordene o aparcadoiro.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O aparcadoiro terá un total de 89 prazas de estacionamento a 60º en ambas as marxes, cunha anchura proxectada de 4,80 metros e un viario de circulación de 3 metros de ancho máis 1 metro destinado á manobra de vehículos e a circulación peonil. Do total de prazas, 4 estarán reservadas para vehículos adaptados á persoas con mobilidade reducida.

Este aparcadoiro disuasorio terá máis de 2.800 m² e estará dotado dun viario de dobre sentido para a entrada e saída, que se fará a través da glorieta da rúa Souto.

A intervención incluírá o reforzo da seguridade dos peóns, cun acceso exclusivo que conectará coa avenida Mestre García Niebla, ademais de beirarrúas.

A execución deste aparcadoiro completárase coa dotación de alumeado público, videovixilancia, instalación de puntos de recarga para vehículos eléctricos e a incorporación de vexetación na contorna.

O departamento de Infraestruturas da Xunta convocará o levantamento das actas previas das expropiacións necesarias no segundo trimestre deste ano. A licitación das obras prevese realizar a finais deste mes de marzo para poder comezar os traballos neste ano. O prazo de execución é de 6 meses.

Xunto a esta intervención, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade someteu tamén a información pública en xaneiro deste ano un segundo proxecto para executar outro aparcadoiro disuasorio na comarca de Ferrol, xunto á antiga estrada AC-862, na contorna da autovía AG-64, Ferrol-Vilalba.

Porén, ante o informe presentado polo Concello de San Sadurniño durante o procedemento de información pública, dando traslado do acordo plenario en que se insta á Xunta á non execución do aparcadoiro disuasorio previsto nesa contorna da AG-64, considérase oportuno non continuar coa tramitación do proxecto relativo a ese equipamento.

O aparcadoiro disuasorio de Ferrol forma parte dos proxectos promovidos pola Xunta ao abeiro dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia Next Generation UE no impulso da transformación da mobilidade nas contornas urbanas, apostando por desprazamentos máis limpos e sustentables, aos que destinará este ano 29,3 M€.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No marco destes proxectos, a Xunta inclúe os aparcadoiros disuasorios, as sendas nas contornas das grandes cidades, a mellora da seguridade e da accesibilidade nas paradas de autobús nas estradas autonómicas ou os investimentos nas estacións intermodais, como a da Coruña, agora mesmo en execución.

Planta de actuación do aparcadoiro da FE-13 en Ferrol:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS 165 FILMES E SERIES SUBVENCIONADOS POLA XUNTA ENTRE 2012 E 2022 CONFIRMAN O EFECTO MULTIPLICADOR DO INVESTIMENTO PÚBLICO MOBILIZANDO CASE 123 M€ NO SECTOR

- A Consellería de Cultura eleva ao Consello un informe sobre as medidas de fomento do audiovisual galego, destinatario de preto de 7,4 M€ a través de oito liñas de axuda
- O cálculo estimado de xeración de emprego anual sitúase en 1.863 persoas
- O Goberno galego aproba as bases e a próxima convocatoria da liña destinada á produción e coprodución de proxectos, dotada con 2,5 M€

A Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades elevou hoxe ao Consello da Xunta un informe sobre as medidas de fomento do audiovisual galego inseridas no Plan Xeración Cultura, a través das que o Goberno galego busca acompañar e incentivar o bo momento creativo e empresarial do sector oito liñas de subvencións que suman preto de 7,4 millóns de euros. O texto fai fincapé, así mesmo, no efecto multiplicador do investimento público no cinema e na televisión feitos en Galicia, de xeito que os 23,4 M€ adxudicados entre 2012 e 2022 en axudas á produción de 165 proxectos (123 longametraxes, 26 curtas e 16 series) mobilizaron orzamentos por un valor conxunto de case 123 M€ e xeraron un emprego anual estimado en 1.863 persoas.

A experiencia destes anos confirma non só o importante retorno económico da produción audiovisual na nosa Comunidade, senón tamén a súa achega cultural e a súa contribución á proxección exterior de Galicia, con presenza en 171 festivais de máis de 50 países e un centenar de premios, entre os que destacan 13 goyas e dous galardóns no Festival de Cannes.

Ademais, o Consello da Xunta aprobou hoxe as bases e a próxima convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para producións e coproducións audiovisuais correspondentes a 2023, para as que se consolida unha dotación de 2,5 M€ como principal liña de investimento directo no sector das inseridas no Plan Xeración Cultura.

Impulso a medio e longo prazo

Xunto con outras medidas, como a próxima entrada en funcionamento da Galicia Film Commission, o programa de subvencións centra o apoio do Goberno galego ás empresas e profesionais do cinema e a televisión durante todo o proceso audiovisual: desde o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

impulso do talento na fase de creación ata a promoción, comercialización e exhibición dos traballos, pasando pola súa preproducción, rodaxe e postproducción. A súa prioridade é tanto atender as necesidades máis inmediatas das produtoras como sentar as bases para a consolidación e impulso do sector a medio e longo prazo.

As subvencións a producións e coproducións audiovisuais diríxense especificamente a produtoras independentes para catro categorías e 13 submodalidades de proxectos segundo os traballos sexan longametraxes cinematográficas de ficción, documentais ou de animación; longas en coprodución internacional con participación minoritaria española, curtametraxes ou películas e series para seren emitidas por televisión ou plataformas.

A ampla variedade de proxectos que poden optar a este financiamento permite manter un equilibrio para resultar accesible a todas aquelas empresas que acrediten un ano de antigüidade na actividade, dando cabida tanto a propostas máis ambiciosas respecto ao seu deseño de produción e orzamento como a outras máis modestas, pero de grande interese artístico e cultural.

Os últimos traballos apoiados pola Xunta mediante esta vía confirman tamén unha maior capacidade da industria audiovisual galega en termos captación do investimento, valores de produción e público obxectivo. Entre estes títulos atópanse, por exemplo, coproducións a nivel estatal e internacional como *Matria* ou *Sica*, recentemente estreadas na Berlinale e seleccionadas para o Festival de Málaga, onde tamén terá o seu primeiro pase público *Honeymoon*, outro dos filmes subvencionados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A PRESENZA DO GALEGO EN BRASIL COA RENOVACIÓN DOS CONVENIOS UNIVERSITARIOS EN SÃO PAULO E RÍO DE JANEIRO

- O Consello da Xunta aproba a sinatura dos acordos de colaboración entre a Consellería de Cultura e as dúas universidades brasileiras
- Cada institución recibirá 12.000€ a repartir en tres anos para actividades formativas, de investigación e de dinamización da lingua e cultura galegas

O Consello da Xunta dá luz verde á renovación dos convenios de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades e as universidades brasileiras de São Paulo e Río de Janeiro para a docencia, a investigación e a promoción da lingua, a literatura e a cultura galegas.

A través destes acordos, a Universidade do Estado de Río de Janeiro e a Universidade de São Paulo comprométense a darlles continuidade aos estudos de lingua, literatura e cultura galegas nos seus plans de estudos vixentes, así como a organizar actividades relacionadas coa investigación, a promoción e a difusión destas, tanto no ámbito universitario como na súa área de influencia. Ademais, no marco de promoción da lingua galega no exterior, no cal se convocan as bolsas de lectorados, ambas universidades incorporarán nos próximos meses un novo lector que traballará baixo a dirección do responsable do Centro de Estudos Galegos destas universidades para reforzar o desenvolvemento das correspondentes actividades.

Os novos convenios, con vixencia ata o 31 de decembro de 2025, supoñen unha renovación da colaboración que o Goberno galego mantén coas universidades de Río de Janeiro e São Paulo desde 1998 e 2008, respectivamente, e implican a inxección de 12.000 euros para cada universidade destinados ao cumprimento dos obxectivos neles fixados. Ademais, a Xunta mantén tamén en Brasil outros dous convenios destinados á proxección e promoción da lingua e cultura galegas na Universidade Federal de Baía e na Universidade Federal Fluminense, en Niterói.

Proxección do galego no exterior

A creación dos Centros de Estudos Galegos no exterior responde ás premisas establecidas na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece o desenvolvemento das accións necesarias para a difusión da lingua propia de Galicia fóra do seu ámbito territorial, pero tamén aos obxectivos establecidos posteriormente no

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Plan xeral de normalización da lingua galega para a proxección da lingua propia no exterior.

Estes centros nacen a través de convenios de colaboracións subscritos con universidades de todo o mundo interesadas en incluír nos seus plans de estudo a lingua, a literatura e a cultura galegas. Así, na actualidade o galego é obxecto de estudo en 39 universidades, das cales, nove están en España e 28 contan con prazas de lectorados-licenciados/as en Filoloxía Galega- asentados nos Centros de Estudos Galegos repartidos por Europa e América.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A ESTRATEXIA AUTONÓMICA DE RSE 2023-2025 QUINTUPLICA A SÚA DOTACIÓN ATA CASE OS 175 M€ PARA FAVORECER A COMPETITIVIDADE DAS EMPRESAS E ATRAER TALENTO

- Lembra que Galicia “foi a primeira rexión europea” en contar cun plan estratéxico nesta materia, aprobado no 2012
- Resalta que a Estratexia de Responsabilidade Social Empresarial 2023-2025 contará “con 25 liñas” que a Xunta dirixe a “empresas, administración e cidadanía en xeral”
- A través da mesma, Galicia aspira a transformar os modelos de negocio, a sensibilizar á empresa en materia de transparencia e desenvolver contornas de traballo inclusivas
- Como novidade axudarase ás iniciativas que aposten por solucións sustentables con impacto social ou ambiental no territorio
- A Xunta creará a rede galega pola RSE como espazo de diálogo entre o sector público-privado e a sociedade civil para a xeración de alianzas e a difusión de coñecemento e boas prácticas nesta materia

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello deu hoxe o visto e prace á Estratexia de Responsabilidade Social Empresarial (RSE) da Xunta de Galicia 2023-2025 que con 174,7 millóns de euros quintuplica a dotación económica da anterior (2019-2021), co obxectivo de preparar a Galicia nestes tres anos para os retos da economía sustentable e dixitalizada. “Entre os obxectivos está que as empresas melloren a súa transparencia ou desenvolvan contornas de traballo inclusivas”, resaltou o presidente.

Rueda subliñou que, deste xeito, Galicia segue a avanzar nun eido no que foi pioneira en toda Europa. “Galicia converteuse en 2012 na primeira rexión europea en contar cun plan estratéxico de responsabilidade social empresarial”, resaltou.

A nova Estratexia pretende situar os valores e principios da responsabilidade social empresarial na axenda das empresas galegas como mecanismos para impulsar a súa competitividade, produtividade e crecemento.

Para acadalo a Xunta deseñou un documento que quere abrir a todos os grupos de interese e que ten como destinatarias a empresas, administracións, persoas traballadoras, e a cidadanía en xeral. A idea é que a Estratexia sirva de motor, catalizador e marco, para que todos aqueles axentes públicos e privados que queiran

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

avanzar nun exercicio voluntario de maior responsabilidade social, teñan un marco no que encadrarse e conten co apoio do Goberno e a Administración Galega.

A Estratexia comprende 25 liñas de acción enmarcadas no eido da empresa, a sociedade e a Administración pública, segundo indicou Rueda. Entre elas, o presidente resaltou "o apoio económico para innovación e dixitalización; facilidades no acceso ao financiamento, apoio para implantar medidas de conciliación e teletraballo ou para promover proxectos de impacto social ambiental".

Entre outras novidades, a Estratexia avogará pola formación e desenvolvemento de políticas de gasto e investimento para as empresas, así como polas "axudas directas a proxectos ou iniciativas que busquen o desenvolvemento de solucións sustentables con impacto social ou ambiental", indicou Rueda, quen anunciou que ao abeiro desta Estratexia vaise crear unha rede galega pola Responsabilidade Social "como espazo de diálogo entre o sector público, o privado e a sociedade civil" e vaise implantar o selo de calidade "Galicia Responsable" para recoñecer avances nesta materia. "Vai ser un selo que recoñecerá as boas prácticas en materia de responsabilidade social empresarial", indicou o presidente.

Galicia integrará os obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) da ONU e criterios de compra pública responsable e innovadora nos procesos da Administración, no contexto desta estratexia que ten por horizonte o ano 2025.

Con este documento a comunidade seguirá a situarse á vangarda da promoción da RSE entre o seu tecido asociativo, na Administración e para o conxunto da sociedade, como continuidade do Plan Estratégico Galego de Responsabilidade Social Empresarial 2012-2014, que converteu a Galicia en rexión europea pioneira. Tamén seguirá a estela da Estratexia galega de RSE 2019-2021, que creou o ecosistema actual de apoio autonómico á RSE empresarial, que desde 2019, permitiu que máis de 250 pemes e persoas traballadoras autónomas se formasen nesta materia, e outorgou máis de 500 achegas en materia de igualdade, teletraballo, conciliación ou RSE.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA E A FUNDACIÓN JOSEP CARRERAS RENOVAN O SEU COMPROMISO PARA GARANTIR UN DOADOR COMPATIBLE AOS PACIENTES QUE NECESITEN UN TRANSPLANTE DE MEDULA ÓSEA

- O Consello da Xunta celebrado hoxe aprobou o convenio de colaboración que a administración autonómica, a través da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS), mantén coa Fundación Josep Carreras, á que destina 744.000€, un 3,5 % máis, para facilitar que os pacientes que necesiten un transplante de medula ósea e non teñan un familiar compatible poidan ter localizado un doante
- No ano 2022 leváronse a cabo un total de 193 transplantes de medula ósea en Galicia, 33 deles a pacientes que non teñan un familiar doador compatible
- Desde o ano 1993, cando a nosa comunidade comezou a realizar transplantes de medula ósea, realizáronse máis de 4.000 procedementos.

A Xunta de Galicia destinará este ano 744.000 euros para a loita contra a leucemia e para garantir que os pacientes da nosa Comunidade que necesiten un transplante de medula ósea e non teñan un familiar compatible poidan ter localizado un doante, buscando primeiro no noso país, ou acudindo ao resto de rexistros mundiais se fose necesario. A Fundación Josep Carreras é o rexistro que está autorizado en España para tal fin.

Este é o obxectivo do convenio de colaboración que o Servizo Galego de Saúde, a través da Axencia Galega de Doazón de Órganos e Sangue, mantén coa Fundación Josep Carreras para a loita contra a leucemia, e que será renovado tras o visto e prace do Consello da Xunta celebrado hoxe. O Goberno galego incrementará nun 3,5 % o orzamento adicado á loita contra a leucemia a través desta fundación, destinando un total de 744.000,00 €.

Ao longo do ano 2022, o Servizo Galego de Saúde levou a cabo un total de 33 transplantes de medula ósea de doadores non emparentados, unha cifra que chega ata os 436 desde o ano 2008.

En 2022 tamén se realizaron 27 transplantes de doantes emparentados, e 133 autólogos ou autotransplantes, co que a cifra de transplantes de medula ósea en Galicia durante ese período ascende a 193.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, desde o ano 1993, cando Galicia comezou a realizar transplantes de medula ósea, realizáronse máis de 4.000 intervencións na nosa comunidade.

Cómpre destacar tamén que Galicia registrou no ano 2022 un total de 1.187 novos doantes de medula ósea, co que a nosa Comunidade conta con 13.714 doantes inscritos no REDMO (Rexistro de Doantes de Medula Ósea).

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) e o Servizo Galego de Saúde lembran a xenerosidade amosada polos doantes, e agradecen a aquelas persoas que deron o paso para facerse doantes ou foron xa doantes efectivos – un total de 9 en Galicia o pasado ano-. Destacar tamén o importante traballo dos profesionais dos centros hospitalarios galegos nestes procesos.

Tres tipos de transplantes de medula

Existen tres tipos diferentes de transplantes de medula, tamén chamados de proxenitores hematopoéticos: autólogo, aloxénico emparentado e aloxénico non emparentado.

Os transplantes autólogos son aqueles en que se usan as células do propio paciente. Neles realízase a extracción deste tipo de células, que se tratan con medicación e que se utilizan para o tratamento do propio paciente. Os transplantes aloxénicos emparentados son aqueles en que os doadores das células son familiares dos pacientes que son compatibles (algo que sucede nun 25-30 % dos casos); e os transplantes aloxénicos non emparentados son aqueles en que non se poden usar as células propias do paciente e non hai un doador compatible dentro da familia. Cando isto sucede, recórrese aos rexistros nacionais de doadores non emparentados e de unidades de sangue de cordón umbilical, de forma que cando un paciente necesita un transplante e non ten un familiar compatible recórrese ao Rexistro Español de Doadores de Medula Ósea (REDMO).

No caso de non atopar un doador nel, o REDMO conecta de forma automática co resto de rexistros internacionais de doadores de medula ósea e bancos de sangue de cordón umbilical, que agrupa a través do Bone Marrow Donors Worldwide (BMDW). En España isto faise a través da Fundación Josep Carreras, que é o rexistro que está autorizado no noso país para tal fin.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A PRIMEIRA EDICIÓN DO 'PLAN CORRESPONSABLES' DA XUNTA CHEGA A PRETO DE 18.000 NENOS E NENAS DE 175 CONCELLOS

- Cun orzamento superior aos 2,5 millóns de euros e coa participación de 18 federacións deportivas galegas este programa de conciliación a través do deporte supera as expectativas de participantes e de actividades realizadas nun 120% e nun 400%,
- O Plan desenvólvese agora nas tres universidades galegas grazas a un convenio duns 585.000 euros

O Consello da Xunta informou hoxe sobre o desenvolvemento do Plan Corresponsables 2022. Este programa que xurdiu da sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e conta co obxectivo de promover a conciliación e a igualdade de oportunidades para mulleres e homes con fillos menores ao cargo, ao habilitar servizos de coidado profesional con actividades de animación socio deportivas para nenos e nenas de ata 16 anos de idade. A iniciativa fomenta ao mesmo tempo a práctica deportiva entre a poboación máis nova, achegándolle distintas modalidades e favorecendo así a convivencia e o xogo en equipo desde as idades máis temperás. Deste xeito acádase unha notable mellora na vida cotiá das familias equilibrando o tempo laboral, familiar e persoal.

Ao abeiro do programa, que contou cun orzamento superior aos 2,5 millóns de euros leváronse a cabo, entre xuño e novembro de 2022, un total de 2.529 actividades das distintas modalidades deportivas en 175 concellos. Participaron 17.760 nenos e nenas, e o desenvolvemento do plan posibilitou a articulación, a tempo parcial, de 919 contratos de monitores ou monitoras, sendo 364 as persoas contratadas. Isto supuxo, unha superación sen precedentes das expectativas iniciais, xa que, co mesmo orzamento, a previsión era de chegar a 8.000 rapaces e rapazas a través de 500 actividades. Falamos dun aumento do 120% en participantes e do 400% en actividades.

A Xunta xestionou as axudas directas ás federacións deportivas de Galicia para a realización destas actividades de animación socio deportiva. En total foron 18 federacións ás que mostraron o seu interese e participaron no programa: baloncesto, balonmán, bolos, boxeo, esgrima, fútbol, halterofilia, hóckey, loita, montañismo, piragüismo, salvamento e socorrismo, squash, surf, taekwondo, tenis, triatlón e péntatlon moderno e vela.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tras o éxito colleitado nesta primeira edición dirixida ás federacións deportivas galegas, o Plan Corresponsables, en outubro de 2022, o Goberno galego asinou un novo convenio coas tres universidades galegas -A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo-, para o desenvolvemento do Plan Corresponsables cun orzamento duns 585.000 euros, sendo achegados pola Xunta 547.800.

As actividades que se están a levar a cabo grazas a este acordo serán de animación sociodeportiva, obradoiros, eventos, campionatos e exhibicións. Tamén se desenvolven accións formativas sobre hábitos de vida saudables, primeiros auxilios no contexto deportivo, nutrición, violencia e igualdade no deporte entre outros temas de interese, habilitando servizos de coidados profesionais e fomentando, á vez que a práctica deportiva, á adquisición de hábitos de vida saudable a través da mesma.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

OS DESCONTOS NO TRANSPORTE PÚBLICO AUTONÓMICO BONIFICARON DESDE SETEMBRO 7,5 MILLÓNS DE VIAXES EN GALICIA, O 75 % DOS DESPRAZAMENTOS

- O Consello da Xunta fixo hoxe balance do conxunto das bonificacións no transporte público autonómico desde a implantación no mes de setembro do desconto adicional do 50 % no prezo do billete o pasado mes de setembro
- Estímase que o número de beneficiarios poderá roldar os 14 millóns ata finais de xuño, data ata a que estará en vigor a bonificación adicional do 50 %
- Os usuarios do transporte público beneficiáronse nos últimos 5 meses de descontos por importe de máis de 12 M€, 11,2 M€ polo uso das tarxetas de mobilidade de Galicia e 930.000 € ao empregar os bonos existentes
- As bonificacións supoñen un aforro mínimo do 55 % no billete, acadando o 100 % coa tarxeta Xente Nova, coa que máis de 135.000 menores de 21 anos viaxan gratis no transporte interurbano
- Na provincia da Coruña, 4.851.662 viaxeiros aproveitaron estes descontos; na de Pontevedra, 1.984.466; na de Ourense, 309.024 e na de Lugo, 261.727
- De setembro de 2022 a xaneiro de 2023 o número de viaxeiros ascendeu a máis de 9,8 millóns, o que supón un incremento da demanda do 31 %, unha porcentaxe que supera o 40 % nas provincias de Lugo e Ourense
- Tamén se incrementou o número de viaxeiros que empregan as tarxetas de Mobilidade de Galicia para abonar os seus desprazamentos, pasando do 55 % no mes de agosto ao 77 % en decembro
- O Goberno galego destina cada ano un investimento de 90 M€ para blindar o Plan de transporte público de Galicia, que está a ofrecer máis e mellores servizos, unhas tarifas máis económicas e descontos que favorecen o seu uso

Os descontos no transporte público autonómico bonificaron desde o mes de setembro 7,5 millóns de viaxes en Galicia, o que supón o 75% dos desprazamentos realizados no transporte público de competencia da Xunta.

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe sobre o balance das bonificacións no transporte público autonómico desde a implantación do desconto adicional do 50 % no prezo do billete o pasado mes de setembro. Esa bonificación estase a aplicar nos autobuses autonómicos, no transporte da ría de Vigo e no tren da área de Ferrol.

Esta bonificación do 50 % inclúe tamén os servizos de transporte urbano de Ferrol e de Pontevedra, cidades onde este transporte se presta a través de concesións autonómicas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

e vén sumarse ás bonificacións que a Xunta ten activas no marco do Plan de transporte público de Galicia.

O informe, atendendo aos datos de evolución avaliados, estima que o número de viaxeiros beneficiados polas bonificacións poderá roldar os 14 millóns ata finais do mes de xuño, data ata a que estará en vigor a bonificación adicional do 50 %.

Do total de 7.406.879 viaxes bonificadas desde setembro de 2022 e ata xaneiro deste ano, o 95 % correspóndense con viaxes no autobús interurbano (7.042.719 viaxes), un 5 % no transporte marítimo da ría de Vigo (363.953 viaxes) e tan só un ínfimo 0,003 % (207 viaxes) no tren FEVE de Ferrol, un claro indicador da falta de calidade do servizo de tren de vía estreita, tanto no que se refire aos horarios como aos propios trens con que se presta, que precisan dunha modernización urxente.

O balance realizado reflicte que os usuarios do transporte público autonómico se beneficiaron nos últimos cinco meses de descontos por un importe global que supera os 12 M€, 11,2 M€ polo uso das tarxetas de mobilidade de Galicia (TMG e Xente Nova) e 930.000 € ao empregar os bonos existentes.

Este sistema de bonificacións, a través do emprego de tarxetas ou bonos, supón un aforro mínimo do 55 % no billete, que pode chegar ata o 100 %, no caso do uso da tarxeta Xente Nova, coa que os menores de 21 anos viaxan gratis no transporte interurbano.

A día de hoxe, son xa máis de 135.000 os menores de 21 anos que dispoñen da tarxeta Xente Nova, que no ano 2022 permitiu bonificar máis de 5 millóns de viaxes, a cifra máis alta de viaxes bonificadas desde a posta en marcha desta iniciativa, no ano 2016, cun incremento do 62 % con respecto ao ano 2021.

En relación aos datos por provincias, na da Coruña, un total de 4.851.662 viaxeiros víronse beneficiados polos descontos activos no transporte público autonómico; na de Pontevedra, 1.984.466; e nas de Ourense e Lugo, 309.024 e 261.727, respectivamente.

Aínda que a provincia coruñesa rexistra a maior porcentaxe de beneficiarios, o maior crecemento porcentual de usuarios do transporte autonómico nestes cinco meses produciuse nas de Lugo e Ourense, cun 47 % e un 41 %, respectivamente. En terceiro lugar, estaría a provincia da Coruña, cun crecemento do 31 % e, por último, Pontevedra cun aumento do 27 %.

No que se refire á evolución da demanda global, no período que vai de setembro de 2022 a xaneiro de 2023, o número de viaxeiros totais, que se corresponde cos usuarios que

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

pagaron a viaxe coas tarxetas de mobilidade de Galicia ou en efectivo, ascendeu a máis de 9,8 millóns. Esta cifra significa un aumento do 31 % de usuarios con respecto ao mesmo período do ano anterior.

Aumento do uso das Tarxetas de Mobilidade de Galicia

En canto ao método de pago, cómpre destacar o aumento significativo do emprego das tarxetas de mobilidade de Galicia e a redución do abono en efectivo. Así, a finais de decembro do 2022, o 77 % dos viaxeiros usaban a tarxeta como método de pago nos seus desprazamentos no transporte público da Xunta, fronte ao 55 % que o facían no mes de agosto, o mes previo á entrada en vigor das bonificacións adicionais do 50 %.

Este incremento no uso das tarxetas tamén se aprecia na emisión de novos dispositivos, que se acelera no último cuadrimestre do ano 2022, onde se concentra o 54 % do total de tarxetas emitidas durante o ano: desde setembro os viaxeiros solicitaron 51.186 tarxetas de mobilidade de Galicia, fronte ás 42.810 emitidas nos oito meses anteriores, o que incide tamén nunha maior fidelización do usuario ao transporte público autonómico.

Aposta polo transporte público

O Goberno galego vén intensificando nos últimos anos a aposta polo transporte público, cuxos servizos están blindados cun investimento autonómico de máis de 90 M€ ao ano.

A Xunta, a través do Plan de transporte público de Galicia, está a ofrecer aos cidadáns máis e mellores servizos e cunhas tarifas máis económicas e descontos que favorecen o seu uso.

No marco deste Plan, as bonificacións establecidas pola Xunta a través do emprego da tarxeta de mobilidade de Galicia, TMG, dá dereito a diversos descontos, que son acumulables entre eles.

En primeiro lugar, efectuar o pago coa tarxeta TMG supón un 10 % de desconto sobre a tarifa en efectivo. Engádesse ademais a bonificación por recorrencia, cun desconto do 25 % para o volume de viaxes comprendido entre 21 e 40 e realizadas no mesmo mes natural, e dun 50 % a partir das 40 viaxes.

Por outra parte, a tarxeta Xente Nova permite aos menores de 21 anos viaxar de forma gratuíta no transporte público interurbano, competencia da Xunta de Galicia, incluíndo de forma adicional o transporte de ría en Vigo e no tren de ancho métrico en Ferrol.

De forma complementaria, existen outros descontos promovidos pola Xunta, como o bono mensual, con orixe e destino en calquera concello dentro da mesma concesión.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Este bono permite realizar ata 50 viaxes ao mes cun 50 % de desconto e un prezo mínimo de 50 € en traxectos de ida e/ou volta entre paradas de orixe e destino do mesmo municipio.

Tamén está activo o bono mensual de uso ilimitado para algunhas concesións con tráfico cara ou desde algunha das localidades con hospitais cabeceira dos distritos sanitarios, cun desconto do 75 % sobre o importe do billete en efectivo correspondente a 44 viaxes e un prezo mínimo de 50 €.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

[O Consello da Xunta abordou hoxe as perspectivas de Galicia en relación coa constitución do Comisionado do Goberno para o Corredor Atlántico, no marco da alianza das comunidades do noroeste](#)

RUEDA AVANZA QUE GALICIA EXIXIRÁ AO COMISIONADO DO CORREDOR ATLÁNTICO UN INVESTIMENTO 8.000 M€ PARA A CONEXIÓN NOROESTE

- Advirte que os 1.130 M€ anunciados son “insuficientes” e admite a “preocupación” ante as imprecisións, erros e ausencias de actuacións en “infraestruturas irrenunciáveis” para Galicia no Plan director que se presentou esta semana en Xixón
- Cualifica de “contas tramposas” que o Comisionado contabilice como investimentos actuacións xa executadas no Eixe Atlántico ou na liña de alta velocidade Madrid-Galicia, obras rematadas antes de formar parte do Corredor
- Lembra que a constitución do Comisionado para o Corredor Atlántico é froito da demanda das tres comunidades do noroeste, pero ponse en marcha con 5 anos de retraso con respecto ao do Corredor Mediterráneo

O presidente do Goberno galego, Alfonso Rueda, avanzou hoxe que a Xunta lle exixirá ao Comisionado para o Corredor Atlántico atención preferente ao noroeste peninsular e a inclusión no Plan Director o investimento de 8.000 M€ nas actuacións que Galicia, Asturias e Castela e León teñen identificadas como prioritarias.

O mandatario galego considerou “absolutamente insuficientes” os 1.130 millóns de euros de investimento propostos polo Comisionado na reunión desta semana en Xixón e advertiulle que deberá “multiplicala por oito” para elevar a rede ferroviaria de mercadorías ao nivel necesario.

O mandatario galego explicou que o Consello da Xunta abordou hoxe un informe sobre as perspectivas de Galicia en relación coa constitución do Comisionado para o Corredor Atlántico, no marco da alianza das comunidades do noroeste, unha figura que se creou o pasado 27 de xaneiro, coincidindo coa celebración, en Santiago de Compostela, do Encontro do Corredor Atlántico Noroeste, coa participación dos presidentes de Galicia, Asturias e Castela e León. O Comisionado foi o primeiro resultado dese cumio, pero non se activou ata mes e medio despois, e con cinco anos de retraso con respecto ao Comisionado do Corredor Mediterráneo, que acada un nivel de desenvolvemento moi superior.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tras ese informe, Rueda admitiu a “preocupación” ante as imprecisións, erros e ausencias rexistradas na recente presentación pública do Comisionado en relación coas necesidades da rede ferroviaria de mercadorías do noroeste peninsular. Ademais, advertiu da ausencia neste Plan director de “infraestruturas irrenunciáveis” para Galicia, entre as que citou o desenvolvemento da saída sur de Vigo e da conexión da terminal de Bouzas do Porto de Vigo, así como a modernización da conexión de tren Ferrol-A Coruña-Lugo.

De igual xeito, criticou as “contas tramposas” que fai o documento do Comisionado ao recoller como investimentos actuacións xa executadas no Eixe Atlántico ou na liña de alta velocidade Madrid-Galicia, obras rematadas antes de que ningún deses tramos fose Corredor.

Por estes motivos, o presidente da Xunta urxi unha xuntanza específica do Comisionado coas comunidades de Galicia, Asturias e Castela e León en que poder expoñer as singularidades e necesidades na rede ferroviaria de mercadorías do noroeste.

Cumio en Áraba de Galicia, Euskadi, Cantabria e Asturias

Rueda adiantou que fará tamén estas reclamacións no cumio do vindeiro luns, día 13, en Áraba tras convocatoria a Galicia, Asturias e Cantabria do lehendakari do País Vasco, Íñigo Urkullu para afondar nesta infraestrutura ferroviaria.

“Semella que o toma máis en serio e está máis interesado que o propio Goberno central”, valorou Rueda sobre a iniciativa de Urkullu, ao tempo que considerou unha “boa idea” a celebración deste cumio. Ademais, apuntou ao Goberno vasco como un “bo aliado” para as demandas conxuntas realizadas por Galicia, Asturias e Castela León para o desenvolvemento do Corredor Atlántico Noroeste nas mesmas condicións que o Corredor Mediterráneo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA